

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 6/98.

ID: 664

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCAL:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Emilio Sánchez Coto.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a quince de xuño de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 6/98 para a clasificación como veciñal en man común do monte " DE ARGOMOSO ", no concello de MONDOÑEDO, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON JOSÉ ANTONIO ILLÁN TORRÓN, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 6/98 (por instancia de 15 veciños da parroquia de ARGOMOSO, concello de MONDOÑEDO), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería

de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 26 de agosto de 1998, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte " DE ARGOMOSO ", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1998 (rexistro de saída número 80.269, do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de MONDOÑEDO os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 12 de setembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de MONDOÑEDO, na que se fai constar que vista a solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non se atopa inscrito nese Rexistro ningún predio coa denominación que se expresa na citada solicitude.

SEXTO: Coa data do 30 de setembro de 1998, comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (rexistro de saída número 89.716, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de MONDOÑEDO a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

OITAVO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (rexistro de saída número 89.719, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación DON JOSÉ GARCÍA LEDO, con domicilio na parroquia de ARGOMOSO, concello de MONDOÑEDO, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (registro de saída número 89.721, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON ALFREDO VARELA ALVITE**, con domicilio na parroquia de **ARGOMOSO**, concello de **MONDOÑEDO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (registros de saída números 89.723 e 89.724, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó concello de **MONDOÑEDO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 30 de setembro de 1998, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 26 de outubro de 1998 (registro de saída número 100.559, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **ARGOMOSO**, concello de **MONDOÑEDO**, o dereito da comunidade de veciños para a elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte " **DE ARGOMOSO** ", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 30 de outubro de 1998, aparece publicado o **EDICTO** no D.O.G. número 211, páxina 11.787, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte " **DE ARGOMOSO** ".

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 5 de novembro de 1998, recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **ARGOMOSO**, concello de **MONDOÑEDO**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos:

DON MANUEL LEDO LEDO.

DON ARCADIO ALVITE GACIO.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 6 de novembro de 1998, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de MONDOÑEDO, na que se fai constar a ANOTACIÓN PREVENTIVA feita polo mesmo (tomo 643 do arquivo, libro 116 de MONDOÑEDO, folio 142, predio 20.883, anotación letra A).

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 6 de novembro de 1998, (rexistro de saída número 107.519, do día 9 do mesmo mes e ano), remitiuse CORRECCIÓN DE ERROS para a súa publicación no D.O.G., coa finalidade de rectifica-la data da iniciación do expediente, na publicación do EDICTO feita no D.O.G. número 211, páxina 11.787.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 18 de novembro de 1998 (rexistro de entrada número 99/173.292), recibíuse certificación do concello de MONDOÑEDO, no que se fai constar que o EDICTO estivo exposto no tablón de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 10 de decembro de 1998, aparece publicada no D.O.G. número 238, páxina 13.243, a CORRECCIÓN DE ERROS pola que se rectifica a data da iniciación do expediente.

DÉCIMO NOVENO: Durante a tramitación do expediente non se recibiu ningunha reclamación en relación coa posible clasificación do monte " DE ARGOMOSO " como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " DE ARGOMOSO ", tal e como se describe seguidamente reviste o carácter de veciñal en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei. Está composto por tres parcelas atravesadas de cerramentos de terra abandonados hai moitos anos, case con absoluta certeza para defende-los cultivos periódicos de cereais, o que non supuxo nunca acto posesorio. Agás a zona transformada en pastizal para uso dos veciños de ARGOMOSO, as tres parcelas están cubertas de mato de toxo e plantas herbáceas. Non hai sinais de aproveitamentos individuais.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común,

resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: " DE ARGOMOSO ".
Pertenza: veciños da parroquia de Argomoso.
Superficie: 263 ha.
Concello: Mondoñedo.

Estremas parcela I:

Norte: predios particulares. Leste: predios particulares. Sur: predios particulares. Oeste: predios particulares.

Estremas parcela II:

Norte: predios particulares. Leste: predios particulares. Sur: monte "Moncapelo" das parroquias de Argomoso, Lindín e Maior-Santa María polo cumio da lomba de Moncapelo, e termo do concello da Pastoriza. Oeste: montes da parroquia de Mondoñedo-Santiago.

Estremas parcela III:

Norte: predios particulares. Leste: predios particulares. Sur: predios particulares. Oeste: predios particulares.



[Handwritten signatures and scribbles over the stamp and text]

CLAVE DEL MONTE

Prov.*	Munic.*	Comandante Prop.*	N. monte
LU	30	1	1

• 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de ARGOMOSO están formados por tres parcelas independientes, separadas entre sí por las fincas particulares del centro de la parroquia. La principal en superficie, situada en el extremo S. del término parroquial, formada por lomas y laderas que suben hacia el S. hasta la divisoria de Moncapelo y Fionco, ya limitando con término municipal de Pastoiza. Las otras dos, de menor superficie, enclavadas entre fincas particulares y formadas por laderas de bajada al valle del Rio Valiñadares.

El terreno es bastante accidentado y de pendientes relativamente fuertes, con altitudes comprendidas entre los 200 y 746 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos de la parroquia, en cuyo centro enlazan con el camino vecinal de Mondoñedo a Argomoso.

3.2 SUPERFICIE.


En conjunto, 263 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

Los del término parroquial son:

N.- Términos de la parroquia de Mondoñedo-Santiago, en parte por el rio Valiñadares.

		Prov.*	Munic.*	Localidad Prop.*	N° monte
	CLAVE DEL MONTE	LU	30	1	1
Ref.* Índice					
3.3	E.- Términos de la parroquia de Lindín. S.- Monte "Moncapelo", mandcomunado de esta parroquia de Argomoso con las de Lindín y Santa Maria la Mayor, y término municipal de Pastoriza. O.- Términos y montes de la parroquia de Mondoñedo-Santiago, en parte por el rio Valiñadares.				
3.4	DESCRIPCION DEL PERIMETRO. Los únicos límites destacoables en el perímetro de estos montes de la parroquia de ARGOMOSO son por el S. con el citado monte "Moncapelo", mandcomunado de las parroquias de Argomoso, Lindín y Mayor, subiendo desde Farrapa hacia el S.O. según la cumbre de la loma de Moncapelo hasta llegar a la Campa da Tenda do Rey, donde ya es término municipal de Pastoriza, con el que sigue la mojonera hacia el N.E. bajando a Cristo del Fiouco.				
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES El límite de estos montes de la parroquia de ARGOMOSO con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido tales montes. Se ha llegado con los límites de éstos hasta donde existe duda razonable de que puedan pertenecer a los mismos. En caso de que estos montes llegaran a ser calificados como vecinales en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.				





Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2018**, figura o seguinte acordo:

Monte DE ARGOMOSO (expediente 6/98), pertencente aos veciños da parroquia de ARGOMOSO, do concello de MONDOÑEDO, clasificado polo Xurado con data 15 de xuño de 1999. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 16 de maio de 2018, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte ao constatar un solapamento con zonas de concentración parcelaria, adaptándoo á planimetría do proceso de concentración, ao considerala mais fiable e precisa. Tendo en conta o anterior, o monte DE ARGOMOSO, queda cunha superficie de 169,659 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Revisión de esbozo do Monte Veciñal en Man
Común de Argomoso

Monte: De Argomoso
Pertenza: Veciños da parroquia de Argomoso
Superficie pre: 261,933 ha
Superficie revisada: 169,659 ha
Municipio: Mondoñedo

Escala: 1:17.000

Plano 3: Situación tras
revisión de esbozo

— LIÑA EXPROPIACIÓN AUTOVÍA

— LIÑA ESBOZO ORIXINAL

— LIÑA ZCP ARGOMOSO

— PROPOSTA ESBOZO MMC

O rele de área
Lugo, 30 de maio de 2018

Santiago Fraga Sánchez
Enxefeiro de Montes